

ESPAZO ASOCIATIVO

Actualmente desenvólvense actuacións orientadas aos obxectivos estratéxicos centrados en satisfacer as necesidades dos pacientes nunha contorna de sustentabilidade realizando intervencións baseadas na personalización da atención prestada a pacientes e familias.

As Asociacións de Pacientes colaboran de maneira complementaria atendendo ás necesidades de información, emocionais e/ou socio sanitarias que presentan os pacientes crónicos, impulsando a investigación sanitaria ou axudando na sensibilización sobre temas como a doazón.



Espazo de Asociacións de pacientes do Hospital Provincial

A maioría, traballan en colaboración cos profesionais sanitarios para mellorar día a día o benestar do paciente e a calidade da atención.

A Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés mantén o compromiso de apoiar a divulgación e promoción das actividades que desenvolven as diferentes asociacións de pacientes e colectivos sociais no ámbito da saúde.



Espazo de Asociacións de pacientes do Hospital Montecelo

É por isto polo que, a condición de que sexa posible, ponse ao dispor dos mesmos os espazos comúns dos seus centros sanitarios, co obxectivo de favorecer e facilitar a difusión dos labores que os axentes sociais desenvolven, coa finalidade de mellorar o coñecemento da enfermidade, a recuperación e mantemento de saúde e a adquisición de hábitos saudables.